

II

COÑECENDO O EDI:

- **Concepto:** Consiste nun ordenador conectado a un canón video-proxector que proxecta a imaxe sobre unha superficie sensible ao tacto e dende a que se pode controlar o ordenador, facer anotacións, gardalas,... á vez que tamén permite a interactividad coa imaxe (o que non permite un ED=encerado dixital non interactivo)


- **Elementos**

Consta de **taboleiro táctil** co software propio (con bandexa de bolis e borrador), un **ordenador**, **canón de proxección**.

- **A conexión emprega :**

- un **cable VGA** dende o ordenador ao proxector. → 
- un **USB** dende o EDI ao ordenador → 
- toma **eléctrica para o encerado**
- saída de bafles para audio
- toma da alimentación para o canón videoproxector

- **Conexión:** -O ordenador envía a imaxe dunha aplicación ao proxector
-O EDI cumpre a función de monitor e dispositivo de entrada de xeito que dende ela se pode controlar calquera aplicación que teñamos no ordenador



- **Periféricos:**



cámara de vídeo,...



tableta gráfica



capturador dixital de documentos,

-**Bandexa de rotuladores:** simula ter rotuladores pero tan pronto levantemos un da bandexa, o encerado recoñecerá calquer trazo feito sobre el, tanto co rotulador como co noso dedo. Estará activo sempre o último elemento que levantemos da bandexa (independentemente de que sexa un rotulador ou o borrador)